

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e un de setembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local en funcións, dona María del Carmen Basadre Vázquez e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbanse as actas das sesións extraordinaria e ordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 12 e 14 de setembro de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza para construción de nave industrial sen uso definido, na avda. Benigno Rivera, número 67.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición da edificación sita na rúa Río Cabe, número 47; para construción de edificio na rúa Illa Madeira, número 147, Unidade de Actuación N-8, bloque 2 e para instalación solar fotovoltaica en solo rústico en San Vicente de Coeo.

Acórdase a denegación de licenza para cambio de uso de local comercial a garaxe privado (grao 1º) na planta baixa do edificio sito na rúa Túnel de Oural, número 5.

ÁREA DE INFRAESTRUTURAS E AXENDA 21

3. XESTIÓN.- Acórdase a aprobación definitiva do proxecto de “Obras ordinarias y complementarias para cruce de servicio de alumbrado y telecomunicaciones en la ronda de las Mercedes”.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

4. PERSOAL.- Acórdase a autorización para realización de horas extraordinarias por persoal de Sanidade e Consumo (Omic) e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito o Parque Móbil e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación do proxecto, do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación das obras de reurbanización da rúa da Industria. Fase II (tramo rúa dos Artesáns- rúa da Inspección) e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a execución da opción de compra dos seguintes contratos: vehículo 5257-FRC (todoterreo Policía Local) e sistema integral de debates e de xestión de Plenos.

Tamén se acorda a aprobación do Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e o Concello de Lugo para o financiamento das obras de “Rehabilitación da Ponte Vella”, en Lugo.

6. INTERVENCIÓN.- Dáse de conta da modificación número 9/2011 do Orzamento xeral de 2011, mediante transferencia de crédito por importe de 17.946,92 euros.

Dáse de conta da modificación número 10/2011 do Orzamento xeral de 2011, mediante transferencia de crédito por importe de 10.450 euros.

7. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para cambio de uso na planta primeira do edificio sito na rúa Nova, 72.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e

ACTAS E GOBERNO
JACA/cvr
Refª: 11extractoxg45.doc
Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-9-2011

obras, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para construción de edificio na rúa Álamo-rúa Sanguino e rúa Illas Canarias.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase a concesión de licenza/autorización para obras de mantemento da Muralla Romana de Lugo 2011-2014.

Lugo, 26 de setembro de 2011
A CONCELLEIRA-SECRETARIA EN FUNCIONS,

Asdo.: Mª del Carmen Basadre Vázquez